



CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

Expediente Recurso número 09/2.009  
Recorrente: Fiscal Superior da Comunidade Autónoma de Galicia  
Colexio recorrido: ICA Coruña  
Acto: acordos de datas 15/01/2.009  
18/02/2.009

Visto o recurso de alzada interposto polo señor Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra os acordos da Xunta de Goberno do ICA da Coruña, de 15 de xaneiro e 18 de febreiro de 2.009, que acordaron a suspensión inmediata dos servizos colexiais de asistencia xurídica gratuíta, procédese a fixar inicialmente, polo seu interese ao caso, os seguintes:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En sesión do día 24 de novembro de 2.008, a Xunta de Goberno do ICA da Coruña acordou ratificar a proposta de acordo adoptado na reunión de Letrados de alta nos servizos de Quenda de Oficio colexiais, celebrada o 20 de novembro de 2.008.

Na citada proposta, en síntese, solicitábase da Consellería de Presidencia de Administracións Públicas e Xustiza a adopción de melloras nos servizos de xustiza gratuíta e quenda de oficio.

**Segundo.-** O acordo adoptado pola Xunta de Goberno sinalaba a celebración dunha Xunta Xeral Extraordinaria o día 15 de xaneiro, na que se debatería, no caso de non terse atendido as súas peticións pola citada Consellería, a suspensión inmediata e temporal de tódolos servizos colexiais de asistencia xurídica gratuíta, na circunscrición territorial do Colexio de Avogados da Coruña.

**Terceiro.-** O ICA da Coruña, en sesión do día 15 de xaneiro de 2.009, adoptou o seguinte acordo:



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

*«Se acuerda la suspensión inmediata y temporal de todos los servicios colegiales de asistencia jurídica gratuita. Se acuerda la suspensión inmediata y temporal de todos los servicios colegiales de asistencia jurídica gratuita, en toda la circunscripción territorial del Colegio de Abogados de A Coruña, por imposibilidad material de continuar manteniendo su prestación, condicionada a que se solucionen los problemas y atiendan las peticiones remitidas a la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas e Xustiza y Comisión Provincial de Asistencia Jurídica Gratuita de A Coruña y puesto que esta Corporación ha agotado más que sobradamente el presupuesto existente para los gastos de infraestructura y servicio de orientación jurídica, aportando fondos propios a fin de evitar la paralización a la que ahora lamentablemente nos vemos abocados. La Junta de Gobierno y, en su caso, la Comisión del Turno colegial, podrán adoptar las medidas necesarias para la atención de los asuntos urgentes respecto a los que no quepa demora.»*

**Cuarto.-** O día 18 de febreiro de 2.009, en sesión da Xunta Xeral Extraordinaria, acordouse manter a citada medida.

**Quinto.-** Mediante escrito do día 6 de abril de 2.009, o Fiscal Superior da Comunidade Autónoma de Galicia, presentou recurso de alzada contra os citados acordos, solicitando que, tras os trámites correspondentes, se declare a nulidade dos mesmo, por ser contrarios á orde constitucional e legal vixente.

**Sexto.-** Non intervén no debate nin na votación o Decano do Colexio do acto contra o que se recorre.

A tales feitos sonlles de aplicación os seguintes

### FUNDAMENTOS LEGAIS

#### I

O Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia interpón recurso de alzada contra os acordos do



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

ICA da Coruña, dos días 15 de xaneiro de 2.009, e 18 de febreiro de 2.009, adoptados en Xunta Xeral Extraordinaria, polos que se acorda, en síntese, a suspensión dos servizos de Asistencia Xurídica gratuíta na súa demarcación territorial, que comprende todos os partidos xudiciais da provincia da Coruña agás os de Ferrol e Santiago.

O Colexio de Avogados da Coruña, autor da resolución impugnada, solicita o seu mantemento, polas razóns que constan no seu escrito de alegacións e no seu informe, escritos ambos coincidentes pero máis completo o segundo, razón pola que nos remitiremos a el.

Unhas alegacións e outras serán analizadas para resolver respecto da legalidade do acto impugnado e as demais cuestións derivadas, tanto formais coma materiais.

### **II COMPETENCIA DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA RESOLVER**

Este Consello é competente para a resolución do presente recurso de alzada, segundo se regula nos artigos 5, apartado 11, e 19, parágrafo 2, do Estatuto do Consello da Avogacía Galega, ao tratarse de actos de natureza administrativa, sometidos por tanto á competencia fiscalizadora propia do Consello da Avogacía Galega.

Cabe, por tanto, rexeitar o argumento do punto SEGUNDO do escrito de alegacións do Colexio de Avogados da Coruña.

### **III LEXITIMACIÓN DA FISCALÍA PARA RECORRER**

Enténdese lexitimado o órgano recorrente. A competencia da Fiscalía do TSXG provén do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, que ten, entre outras, a



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

lexitimación para, comparecer e exercitar accións neste eido. Na súa condición de representante do interese público cabe, por tanto, recoñecerlle a calidade de interesado.

En efecto, a Lei 50/1981, de 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, desenvolvendo o artigo 124 da Constitución, establece:

*"Artigo primeiro.*

*O Ministerio Fiscal ten por misión promover a acción da xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos dos cidadáns e do interese público tutelado pola lei, de oficio ou a petición dos interesados, así como velar pola independencia dos tribunais, e procurar ante estes a satisfacción do interese social."*

*"Artigo terceiro.*

*Para o cumprimento das misións establecidas no artigo 1, corresponde ao Ministerio Fiscal:*

*1. Velar polo respecto das institucións constitucionais e dos dereitos fundamentais e liberdades públicas con cantas actuacións esixa a súa defensa".*

Materialmente, a competencia da Fiscalía está en relación co artigo 24 da Constitución

Artigo 24 da Constitución española:

*"1. Todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión.*

*2. Así mesmo, todos teñen dereito ..., á defensa e á asistencia de letrado..."*

### IV

#### **PRAZO PARA INTERPOÑER O RECURSO DE ALZADA ALEGACIÓN DE NULIDADE**



CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

A segunda cuestión formal que se plantexa é a do prazo para interpoñer o recurso de alzada, que xenericamente é dun mes segundo establece tanto o artigo 115 da Lei 30/92, de Procedemento Administrativo Común como o artigo 21.1 do propio Estatuto da Avogacía Galega.

Bastaría dicir que non consta no expediente a notificación *fehaciente* ou fidedigna á fiscalía do acto que se recorre, argumento que abondaría por si mesmo para desbotar toda alegación de extemporaneidade do recurso.

Non obstante, convén analizar en profundidade a cuestión do prazo. E convén xa, desde este momento, referírmonos á teoría da nulidade dos actos administrativos, análise que, aínda que proceda situalo no estudio que máis adiante se realizará das alegacións do recurso, xa queda así expresado para fundamentar a non suxeición de prazo para interpoñelo.

O recurso alega a nulidade radical do acordo, polo que con independencia de que esa nulidade é precisamente a cuestión de fondo a dilucidar, sendo esta a cuestión, o prazo non é un obstáculo para admitir a trámite o recurso, pola propia natureza da figura da nulidade absoluta ou radical.

A fixación dun prazo para interpoñer un recurso ou exercitar unha acción encontra fundamento basicamente en dúas cuestións: a primordial é a seguridade xurídica, para evitar situacións de provisionalidade, e por entender que a non impugnación dun acto supón a presunción de que os interesados o consenten.

Neste sentido, como sinala GARCÍA DE ENTERRÍA,

*"A esencia da nulidade de pleno dereito consiste na súa transcendencia xeral. A gravidade dos vicios que a determinan transcende do puro interese da persoa á que afecta e repercute sobre a orde xeral. Por iso precisamente o consentimento do interesado non convalida o acto nulo, xa que ninguén pode consentir*



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

*eficazmente algo que supera a súa propia esfera individual e transcende ao ámbito do xeral".*

Pois ben, segundo a doutrina e a xurisprudencia producida ao redor dos preceptos que tradicional e positivamente regulan a nulidade absoluta, radical ou de pleno dereito, **esta constitúe o grado máximo de invalidez dos actos administrativos que contempla o ordenamento xurídico**, reservándose para aqueles supostos en que a legalidade viuse transgredida de xeito grave, de modo que unicamente pode ser declarada en situacións excepcionais que han ser apreciadas con suma cautela e prudencia, sen que poida ser obxecto de interpretación extensiva.

Caracterízase a figura da nulidade de pleno dereito por ser apreciable de oficio e non só instada pola parte interesada; por poder alegarse en calquera tempo, mesmo se o acto administrativo viciado chegara a adquirir aparencia de firmeza por transcorrer os prazos para recorrela, sen suxeición, xa que logo, a prazo de prescrición ou caducidade; por producir efectos "extunc", é dicir, desde o momento mesmo en que o acto tivo a súa orixe e non desde que a nulidade se dita; e por ser insubsanable aínda cando se conte co consentimento do afectado, non resultando posible a súa convalidación -sen prexuízo, en canto a efectos, das excepcións que poidan darse nos supostos de nulidade de regulamentos, comprendidas no artigo 102.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

A nulidade resérvase para a eliminación de actos que conteñen vicios de tal entidade que transcenden o puro interese da persoa sobre a que inciden os efectos dos mesmos e repercuten sobre a orde xeral, resultando ser "de orde pública", o cal explica que poida ser declarada de oficio tanto pola Administración como polos Tribunais, debendo facerse tal pronunciamento de forma preferente, en interese do ordenamento mesmo.

Estes actos administrativos "viciados" afectan de tal maneira o orde pública, que non se pode condicionar o



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

exercicio da acción que se persegue a prazo ningún, converténdose o mesmo en imprescritible.

Tampouco se pode, nestes casos, condicionar a súa validez á decisión de acatar o acto do destinatario do mesmo, é dicir, non cabe en ningún caso a convalidación do mesmo.

**Por todos estes motivos, non cabe apreciar que o transcurso do prazo xenérico para recorrer puidera supoñer unha conformidade co acto, nin esa ausencia de recurso pode dar validez ao acto xurídico que agora se recorre, que no recurso se reputa nulo de pleno dereito.**

En conclusión, e tendo en conta que, como di o recurso da Fiscalía, os actos contra os que se recorre seguen producindo efectos, o recurso polo que se insta a nulidade é perfectamente admisible.

### V

#### FONDO DO ASUNTO

Como xa quedou expresado, son obxecto do presente recurso as resolucións de 15 de xaneiro e 18 de febreiro de 2009, adoptados ambos pola Asemblea do Colexio de Avogados da Coruña.

Queda nidiamente fixado o obxecto do recurso, sen que se poida confundir o acto administrativo cos seus efectos. Efectos, que pola súa natureza, se estenden no tempo.

Por esta razón non é de recibo a alegación 2ª do punto PRIMEIRO do informe presentado polo colexio de Avogados.

As decisións citadas foron adoptadas pola Asemblea Xeral do Colexio de avogados, convocada ao efecto con todas as formalidades legais. Internamente non se aprecian defectos, que tampouco se alegan no recurso, pois este se basea noutras cuestións.



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

Respecto do contido material da decisión de suspender o servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta (en adiante AXG), a avogacía institucional xa tivo ocasión de se pronunciar, recentemente.

En efecto, no día 12/02/09, a Comisión Permanente do *Consejo General de la Abogacía Española*, máximo órgano da administración corporativa no Estado, expresou o seguinte:

*«Ante a situación que se está a producir no seo dalgúns Colexios de Avogados en relación ao funcionamento dos servizos de asistencia xurídica gratuíta, a Comisión Permanente do CGAE acorda facer público o seguinte comunicado:*

*1º) O CGAE defende o actual modelo de asistencia xurídica gratuíta en canto encomenda ao Consello Xeral da Avogacía e aos Colexios de Avogados a organización e xestión dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas, e considera que a súa intervención é necesaria para garantir a liberdade e independencia da prestación profesional dos Avogados designados e, en definitiva, a plena realización do dereito constitucional á tutela xudicial efectiva.*

*2º) A asistencia xurídica gratuíta é unha parte esencial do servizo público da xustiza e nos seus moitos anos de funcionamento alcanzou, co esforzo de miles de avogados, cotas moi altas de eficacia e calidade na defensa dos cidadáns máis necesitados, que é necesario preservar, prestándolle a debida atención e medios, por todos os poderes públicos e axentes con responsabilidades no ámbito da xustiza.*

*3ª) O CGAE apoia a esixencia, polos Colexios de Avogados e Consellos Autonómicos de Colexios fronte ás Administracións Públicas, do pago xusto e puntual das súas obrigas económicas en relación coa Quenda de Oficio e a dilixente adopción das correspondentes medidas orzamentarias.*

*4º) É obrigación das Xuntas de Goberno dos Colexios de Avogados dispor os medios precisos para asegurar*



CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

*a prestación continuada dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas **sen que as reivindicacións, moitas veces xustas, dos avogados e os propios Colexios sobre as condicións económicas e materiais do exercicio da asistencia e a defensa poidan prevalecer sobre o dereito á tutela xudicial efectiva dos cidadáns para os que se presta o servizo**».*

O derradeiro inciso desa declaración institucional incide de cheo no punto de gravidade do debate, e expresa a opinión que a priori, este Consello comparte.

Mais con independencia de opinións, e de conflito de dereitos ou intereses, que se produce polas razóns que logo se dirán, entre a avogacía e a cidadanía, esta resolución non se pode basear en meras opinións ou estratexias, senón que debe indagar na legalidade para, aplicándoa, dar a solución ao caso que nos ocupa.

Como se verá a continuación, hai que entender que ditas decisións do Colexio de Avogados vulneran a Lei.

A cuestión de fondo que hai que dilucidar consiste en establecer non tanto se a medida é proporcionada ou existe un dereito digno de protección por parte tanto do Colexio de Avogados como por parte dos propios colexiados, senón se a medida se axusta a o ordenamento xurídico e, en caso de non se axustar, en qué grado se produce a irregularidade, pois como é sabido, non toda irregularidade do acto é invalidante.

No dereito positivo, os supostos de nulidade radical ou absoluta veñen establecidos no artigo 62 da Lei de Procedemento Administrativo común.

En concreto, pasamos a analizar os invocados no recurso.

Expresa o recurso que estamos ante o suposto "a)" do artigo 62 da Lei de Procedemento Administrativo Común, en



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

canto os actos administrativos impugnados lesionan dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.

A contundencia dos argumentos utilizados non deixa marxe para maiores comentarios, e da súa lectura se desprende que estamos ante este suposto de nulidade radical.

Cabe acoller, por tanto, as alegacións do recurso da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza, polos fundamentos que expresa, que damos aquí por reproducidos para evitar inútiles reiteracións. Mais con independencia da análise que se deixa expresada, é significativo que os Tribunais xa se teñen pronunciado en supostos semellantes, cando non idénticos, ao presente.

É certo que algún dos supostos que se mencionan a continuación se refiren a "folgas" de colexios, mentres que no caso presente os actos contra os que se recorre se refiren a "suspensión do servizo de AXG". Porén, máis aló dos termos utilizados, os efectos e os intereses postos en xogo son os mesmos.

O Tribunal Supremo pronunciouse en varias ocasións, como dicimos, sobre a posibilidade de que se produza unha colisión de dereitos fundamentais entre o dereito de folga de avogados e o dereito á asistencia de avogado ao detido e de defensa, prevalecendo este último xa que pola contra produciríase unha quebra do principio da tutela xudicial efectiva.

Así, a Sentenza do TS 21 de marzo de 1996 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7º, pronunciouse sobre o acordo do Colexio de Avogados de Córdoba de data 24 de maio de 1993 sobre suspensión da queda de oficio ata que o Ministerio de Xustiza cumprise o acordo suscrito co *Consejo General de la Abogacía Española*, o 23 de marzo de 1992, sinalando no seu Fundamento Segundo o seguinte:



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

*«En consecuencia, a suspensión da prestación desa quenda de oficio, que actualmente vén encomendado aos Colexios de Avogados e Procuradores segundo as normas de rango legal, que non constitucional, supón unha lesión directa ou inmediata do dereito á asistencia letrada, e de forma indirecta do dereito a obter a tutela xudicial efectiva e demais conexos recollidos no art. 24.1.º e 2.º da Constitución».*

*Así mesmo sinala que «Tales argumentos non poden desvirtuar os acertados razoamentos da sentenza, que con anterioridade temos transcrito. Basta con engadir que as diferenzas existentes entre Ministerio e Colexio de Avogados, con motivo do incumprimento (máis ben atrasos de carácter económico) do Convenio de 23 marzo 1992, non poden xustificar a vulneración de dereitos con relevancia constitucional para terceiros, nin tan sequera contrapondo aos dereitos fundamentais consagrados no art. 24, o tamén dereito fundamental consagrado no art. 28.2. da CE (dereito de folga), como xa temos razoado, en Sentenzas desta Sala de 28 novembro 1990, e 29 maio 1995, ditadas con motivo de acordos similares ao aquí impugnado adoptados, respectivamente polos Colexios de Avogados de Oviedo e Málaga, nas que dicimos que os dereitos fundamentais, recoñecidos como talles na Constitución «non son dereitos absolutos e ilimitados, senón que tales dereitos, nin no seu alcance, nin na súa xerarquía nin na súa limitabilidade ostentan igual significación, polo que resulta necesario, nos supostos de colisión eventual de dereitos de natureza fundamental, establecer unha gradación xerárquica entre os mesmos, polo que a situación de conflito denunciada, atendidas as características dos dereitos en pugna, debe resolverse, neste caso, en favor do proclamado no citado art. 24 da nosa Lei fundamental, non só porque no mesmo se recoñecen unha serie de dereitos sen os cales non cabe concibir a existencia dun Estado de Dereito, senón porque aqueles protexen*



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

*intereses xerais, mentres que coa folga trátanse de defender intereses que, por moi respectables que sexan, afectan ao grupo que a expón». Menos aínda, xa que logo, pode xustificarse a vulneración de dereitos de relevancia constitucional para terceiros, en base a un presunto incumprimento por parte do Ministerio de Xustiza dunha obrigación de carácter civil.*

*Para rematar ha de terse presente que estatutariamente «a defensa xurídica é unha obriga profesional» como consecuencia do «interese supremo de Xustiza a que a Avogacía se acha vinculada» (art. 39 do Estatuto da Avogacía) (RCL 1982 2294/2294, 2656 e ApNDL 20) e que «a Avogacía asume a obrigación de defender de oficio aos que o soliciten» (art. 57.1 do mesmo Estatuto), obrigación esta que non se pode entender cumprida coas cautelas adoptadas no acordo impugnado, as cales tampouco eluden a vulneración de art. 24 da CE, pois con elas o Colexio segue restrinxindo a plenitude dos dereitos fundamentais consagrados no devandito precepto, ao limitar as quendas de oficio, en asuntos penais, só a causas con preso, e en asuntos non penais, a situacións que o propio Colexio, a través dunha Comisión de Seguimento, considere de «extrema urxencia e necesidade».*

Coa mesma liña argumental cabe citar a Sentenza do TS Sala do Contencioso- Administrativo Sección Sexta de 21 de setembro de 2000:

*«O recorrente articula un único motivo de casación por infracción dos artigos 24 e 119 da Constitución ( RCL 1978, 2836 e ApNDL 2875) en relación co 20 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (RCL 1985, 1578, 2635 e ApNDL 8375) e o 57 do Estatuto Xeral da Avogacía (RCL 1982, 2294 e 2656).*

*A cuestión que se expón foi xa resolta en sentenzas desta Sala, entre outras as de 21 de marzo de 1996 (RJ 1996, 2784), 28 de novembro de 1990 (RJ 1990,*



CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

8832), 29 de maio de 1995 (RJ 1995, 4395), 29 de abril de 1998 (RJ 1998, 4573) e 7 de febreiro de 1997 (RJ 1997, 931) a cuxos razoamentos ha de estarse en virtude do principio de tutela xudicial e unidade de doutrina.

Naqueles razoamentos dise que o dereito á asistencia letrada consagrado no art. 24.2 da CE «supón que ningunha persoa, calquera sexan os seus recursos económicos, se vexa impedida de obter a debida asistencia letrada e defensa profesional dos seus intereses no marco dun proceso xudicial, pois se iso sucedese estaríase producindo unha evidente vulneración do dereito a obter a tutela xudicial, ao faltar o medio instrumental de facer valer as pretensións ante o órgano xudicial ou cando menos estaríase en situación de desvantaxe con respecto ás partes que se estivesen dotadas de tales medios de asistencia. Diso séguese que a garantía polo Estado dun sistema de asistencia letrada gratuíta ou subvencionada en caso de insuficiencia de medios é consubstancial ao noso sistema xudicial, tal e como o deseñou a Constitución. Así o demostra o art. 119 do seu texto, que aínda que situado fóra da Sección reguladora dos dereitos fundamentais que son obxecto do proceso da Lei 62/1978 (RCL 1979, 21 e ApNDL 8341), si que proporciona unha valiosa pauta de interpretación do contido do dereito á asistencia letrada. En consecuencia, a suspensión da prestación desa quenda de oficio, que actualmente vén encomendado aos Colexios de Avogados e Procuradores segundo as normas de rango legal, que non constitucional, supón unha lesión directa ou inmediata do dereito á asistencia letrada, e de forma indirecta do dereito a obter a tutela xudicial efectiva e demais conexos recollidos no art. 24.1 e 2 da Constitución».

Finalmente a Sentenza do TS Sala 3ª Sección 7ª do Contencioso- Administrativo de 29 de Abril de 1998 que é de interese, por canto insiste na imposibilidade de que os Colexios de Avogados establezan servizos mínimos, tal



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

e como pretende o Colexio de Avogados. Así sinala que «os *servizos mínimos en folga establécenos a autoridade governativa e non é de recibo invocar os servizos en folga para pretender xustificar unhas medidas, adoptadas polo órgano colexial dos propios profesionais que deben prestar o servizo público a eles impostos pola lei, e non pola autoridade governativa*».

### VI

#### OUTRAS CUESTIÓNS SUSCITADAS POLO COLEXIO DE AVOGADOS

A aparencia de legalidade formal na adopción do acordo que se menciona como argumento no punto TERCEIRO das alegacións do Colexio de Avogados son irrelevantes. Ninguén discute que a Asemblea foi convocada **formalmente** de modo correcto, ou que a decisión se adoptou democraticamente. Quizás non se podería dicir o mesmo verbo do acto da convocatoria pois, en realidade, non podía convocarse a Asemblea con semellante punto da orde do día. Mais declarándose nulo de pleno dereito o acto resultante, é inocua a nulidade da propia convocatoria e redundante a súa declaración.

Distinto tratamento ha ter nesta resolución o segundo argumento do meritado apartado TERCEIRO.

Alega o colexio o esgotamento dos fondos públicos destinados á prestación do servizo. Mais o colexio non acredita carecer de medios económicos ao respecto, máxime cando, como é sabido, **os colexios de avogados veñen sostendo tradicionalmente cos seus propios fondos gran parte da infraestrutura colexial destinada á AXG.**

Pode parecer irónico que este Consello alegue ese argumento para declarar a nulidade da suspensión do servizo, pero o que procede é esixir á Administración autonómica que forneza eses recursos, cousa que como ben coñece o Colexio de Avogados, este Consello ven reclamando desde fai varios exercicios, sen suficiente e axeitada resposta, ou reclamalos mediante o procedemento xudicial oportuno. Nunca deixar de cumprir, simplemente,



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

o servizo, pois como xa se argumentou, estamos ante unha obriga legal, un servizo público delegado, que a Avogacía ven prestando desinteresadamente desde, poderíamos dicir, a propia existencia da profesión. E cabe aquí expresar con todo orgullo, que a xustiza gratuíta prestada desinteresadamente pola Avogacía existe desde moito antes de que o Estado asumise o seu custo.

Neste mesmo sentido, non sobra que nesta resolución se recoñeza a lexitimidade das motivacións de fondo que segundo o colexio de Avogados xustificaron a adopción da grave medida de suspensión do servizo da AXG no seu ámbito territorial. O Consello comprende e comparte o desgusto do Colexio de Avogados polas razóns que expresa os seus acordos.

Mais esta inquietude non pode redundar nun incumprimento da Lei nin na vulneración de dereitos amparados pola Constitución. A Avogacía é unha profesión libre e independente que presta un servizo á sociedade en interese público, e que está comprometida coa defensa da legalidade (artigo 1 e 3 do Estatuto Xeral da Avogacía Española). E tales notas, que son esenciais e definitorias da profesión, obrigan a actuar de xeito exemplar mesmo fronte a comportamentos da Administracións que puideran implicar o incumprimento dos seus deberes.

O Consello da Avogacía Galega adoptará as medidas que teña ao seu alcance para pular polo recoñecemento dos dereitos dos avogados e por acadar da Administración un financiamento acorde cos estándares de calidade que se esperan atopar na Asistencia Xurídica Gratuíta nun Estado de Dereito.

Polo exposto,

O Consello da Avogacía Galega acorda A ESTIMACIÓN do recurso, declarando a NULIDADE DE PLENO DEREITO dos actos contra os que se recorre.